



BOLETIN

ESTRA

\* nadal 1.976\*

PORTAVOZ DO

MOVIMENTO

\*\*\*

DEMOCRATICO

\*\*

DE MULLERES

\*

Unha publicación nova pra unha muller nova

**NON IR A  
VOTAR**

no referendum tramposo



# MULLER: GARDA O TEU VOTO

## PRA CANDO TEÑAMOS LIBERTA

Ante o Referendum convocado polo Goberno temos que tomar postura; as opciós son catro: votar sí, votar non, votar en branco, ou NON VOTAR.

### PORQUE NON VOTAR SI

E un Referendum con todas as aparencias de legalidá democrática: elaboración dun proieuto polo Goberno i envío as Cortes pra sua aceptación e sometimento a opinión pública pra sua aprobación definitiva e conversión en Ley.

Nembargantes a realidá e outra. E un proieuto elaborado por un Goberno imposto i refrendado por unhas Cortes que non representan o pobo. - Doutra banda o Goberno anda a gastar 1.300 millós de pesetas en facerse - propaganda a sí mesmo negando o aceso os medios de difusión a maioría do pobo.

### POR QUE NON VOTAR NON.

O voto negativo propoñeno hoxe somentes aqueles franquistas que temen a desaparición de algúns dos privilexios dos que veñen gozando dende fai anos.

### POR QUE NON VOTAR EN BLANCO

Votar en branco e, cando menos facer número, e de algún xeito aceptar o Referendum.

### POR QUE ABSTERSE

Se non hai libertá, o pobo non ten mais que unha postura ante iste referendum falsamente democrático: NON VOTAR.

NON VOTAR E o único xeito de mostrar o Goberno que non creemos na "sua democracia" e que o que eisiximos son as auténticas Libertades Democráticas: Amnistía total e completa, legalización de todos os grupos ou Partidos Políticos, dereito indiscriminado de reunión i expresión, e recoñecimento da soberanía dos distintos pobos de España.

A nosa ABSTENCIÓN no Referendum non significará desinterés pla democracia. Ten que significar precisamente que sabemos que NON VOTANDO estamos no camiño do conguerir a verdadeira democracia, onde poídamos loitar libremente por defender un posto de traballo, pola nosa igualdá xurídica co home, pola asistencia de guarderías e seevicios colectivos que nos permitan non ser esclavas da casa e dependentes económicamente do xornal do - cabeza de familia; poíderemos loitar pola nosa liberación.

MULLER, SOIO CONTAN CON NOS PRA QUE "VOTEMOS SI"

SOMOS A MITA DA POBOACION E A NOSA POSTURA E DECISIVA NO REFERENDUM.

POLA DEMOCRACIA E A NOSA LIBERACION "NON VAIAS A VOTAR"